



CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS  
**ENTRADA** REXISTRO  
XERAL

Nº: 2018 / 00005873  
Data: 19/04/2018 08:34:57

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Praza Campo de San Antonio s/n

27400 Monforte de Lemos

Lugo

O 16 de abril de 2018 a directora da Axencia Turismo de Galicia ditou resolución de desestimación do recurso de alzada interposto por José Tomé Roca, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Monforte de Lemos, contra o escrito do 27.02.2018 do director de Competitividade de Turismo de Galicia, que se transcribe a continuación:

#### "ANTECEDENTES

1. O 29.12.2017 José Tomé Roca, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Monforte de Lemos, presenta solicitude declaración de festa de interese turístico para a Feira Medieval de Monforte de Lemos.

2. Con data do 27.02.2018 o director de Competitividade de Turismo de Galicia comunica ao Concello de Monforte de Lemos que non se pode continuar coa tramitación do procedemento de declaración como festa de interese turístico de Galicia da Feira Medieval de Monforte de Lemos ao non cumprir o requisito da antigüidade previsto no artigo 3.a) do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festa de interese turístico de Galicia, que esixe unha antigüidade mínima de 20 anos.

O dito requirimento foi notificado ao Concello o 07.03.2018 a través da plataforma dixital Notifica.gal.

3. O 27.03.2018 ten entrada no Rexistro do Concello de Monforte de Lemos (portelo único) recurso de alzada interposto por José Tomé Roca, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Monforte de Lemos, contra a comunicación do 27.02.2018 ditada polo director de Competitividade de Turismo de Galicia, no que solicita que se anule a dita comunicación ou, no seu defecto, se motive debidamente a denegación da dispensa do requisito da





antigüidade (20 anos), para o que alega, en síntese, que a Feira acredita unha antigüidade de 15 anos e que os 5 anos restantes poden ser dispensados.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para resolver este recurso dealzada a directora de Turismo de Galicia, de conformidade co disposto nos artigo 121.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 10 dos Estatutos da axencia Turismo de Galicia aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

2. O recurso interponse en prazo por persoa lexitimada.

3. O artigo 3.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público dispón: *“As administracións públicas relacionaranse entre si (...) a través de medios electrónicos, que aseguren a interoperabilidade e seguranza dos sistemas e solucións adoptadas por cada unha delas, garantirán a protección dos datos de carácter persoal e facilitarán preferentemente a prestación conxunta de servizos aos interesados”.*

4. Con carácter previo a entrar a coñecer sobre o fondo do asunto, e de acordo co artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cómpre advertir, como sinala o recorrente, que *“contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei”.*

Alega tamén o recorrente que debeu notificarse a comunicación con indicación dos recursos que contra a mesma procedesen. Porén, consonte ao artigo 40.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, *“as notificacións que, contendo o texto íntegro do acto, omitan algún dos demais requisitos previstos no número anterior producirán efecto a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña calquera recurso que proceda”.*





Por conseguinte, procede admitir a trámite o recurso de alzada presentado o 27.03.2018 por José Tomé Roca, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Monforte de Lemos, contra a comunicación do 27.02.2018 do director de Competitividade de Turismo de Galicia, por deber ser considerada esta como un acto de trámite cualificado toda vez que se compren os presupostos do artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. O artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia dispón: "*A declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes requisitos:*

a) *Antigüidade: As manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha **antigüidade mínima de vinte anos**. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.*

*A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulación así o aconselle, pero en ningún caso poderá ter una antigüidade menor de quince años".*

Debe indicarse que tal como se establece no citado artigo 3, a antigüidade mínima exixida para a declaración de festa de interese turístico é a de vinte anos. A Feira Medieval de Monforte, como se establece na documentación achegada coa solicitude, así como no propio recurso, non cumpre co requisito de antigüidade mínima, posto que só conta con 15 anos.

A maior abastanza, se analizamos a letra a) do artigo 3 do referido Decreto polo miúdo, podemos observar como no parágrafo primeiro se sinala que "*as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos*", constituíndo o anterior a regra xeral.

O segundo parágrafo debe ser interpretado no sentido de que a regra xeral dos 20 anos poderá ser dispensada, excepcionalmente e sempre que se acredite unha antigüidade de 15 anos, "*cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulación así o aconselle*", previa xustificación por parte do solicitante daqueles aspectos que confiren unha singularidade de especial relevancia á festa; sen que se aprecie que conorra tal circunstancia, tendo en conta ademais que na nosa comunidade se superan as





20 celebracións ou mercados de carácter histórico/medieval, a maioría dos cales tamén se localizan en vilas con marcados rasgos medievais.

6. Polo exposto, o primeiro que hai que advertir é que unha posibilidade e non unha obriga aplicar o instrumento da dispensa, que o dicionario xurídico da Real Academia da Lingua Española define como *“acto emanado da autoridade competente que permite a non aplicación dun deber legal nun caso particular en atención a unha causa xusta”*.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula expresamente no seu artigo 48 dentro do Capítulo III (“Réxime para o exercicio de actividades e prestación de servizos turísticos”) do Título IV (“Da ordenación das empresas turísticas”) a facultade de dispensa nos seguintes termos:

*“1. Excepcionalmente, previa solicitude da persoa interesada, o centro directivo da consellería competente en materia de turismo poderá dispensar do cumprimento dalgúns dos requisitos esixidos para a clasificación dun establecemento turístico mediante resolución motivada e previo informe técnico.*

*2. A facultade de dispensa poderá aplicarse ás empresas turísticas con suxeición, no seu caso, ás prescricións técnicas e requisitos que, a tal fin, establezan as disposicións de desenvolvemento regulamentario da presente lei”*.

Se ben o artigo transcrito forma parte da regulación das empresas turísticas, podemos trasladar ao ámbito das festas de interese turístico de Galicia a natureza do acto de dispensa, no sentido de que a dispensa é sempre e en todo caso unha **facultade excepcional** e non unha regra xeral, que debería ser instada pola persoa solicitante xustificando os motivos que a puidesen facer merecedoras de tal dispensa.

Non obstante, como xa se comunicou, non hai ningún impedimento para presentar unha nova solicitude de declaración de festa de interese turístico de Galicia cando se cumpra a antigüidade mínima e os demais requisitos previstos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

Por todo o exposto,





## RESOLVO

Desestimar o recurso de alzada interposto por José Tomé Roca, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Monforte de Lemos, contra o escrito do 27.02.2018 do director de Competitividade de Turismo de Galicia, polo que se lle comunica a imposibilidade de continuar coa tramitación do procedemento de declaración como festa de interese turístico de Galicia da Feira Medieval de Monforte de Lemos.

Contra esta resolución o interesado poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Notifíquese esta resolución ao interesada en cumprimento do disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común”.

Santiago de Compostela,

A secretaria de coordinación económica e administrativa

(Documento asinado dixitalmente)

Mónica Santiso Lareo

